

PERSUASIÓN

Cadernos para a creación e a cultura
nº 3

Carlos Negro Romero
Álvaro Negro Romero
Marta Negro Romero

FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)

Lalín, setembro de 2017

PERSUASIÓN
Cadernos para a creación e a cultura, nº 3
Lalín, 2017

Poema: Carlos Negro Romero
Fotografías: Álvaro Negro Romero e álbum familiar
Textos narrativos I e II: Marta Negro Romero
Edita: FoCuCu (Foro para Cultivos Culturais)
<http://focucu.wordpress.com>

Publicado baixo licenza Creative Commons BY-NC-SA
Poden realizarse copias desta obra e obras derivadas
coa condición de que se recoñeza expresamente
a autoría da obra orixinal,
que se faga referencia á fonte
e as obras resultantes sexan publicados
baixo a mesma licenza



Entre(s)nós

o que somos é
a imaxe da nosa imaxe

o que inventamos
está libre deses xuízos

o agora distorsiona

porén
o tempo dura o xusto
para poder mirarnos con calma

o noso reflexo nas fotografías
parécese máis a nós mesmos.

entrar na casa

ignacio castro "nachok" / eduardo estévez

A pequena*

*tapaburatos
tapacaneiros
tapaportas
cerraportelos
cerracancelos
mimiño
a dos mimos
a dos gangos
serodia
redrollo
rastreira
anana
tirizó
rapela
reboutallo
restabeiro
a dos rapallos
escorrallo*



*Nomes recollidos para a filla e o fillo menor no artigo "Estudo motivacional das denominacións galegas de hijo menor no ALPI" de Rosa Mouzo Villar

I. Seguir os pasos

Lembro os días de inverno en que nevaba de verdade en Lalín, ou esa é a percepción que teño eu hoxe daqueles días. Se callar, non folerpaba tanto, pero para os ollos dunha nena aquel era un mundo de brancura. Un dos recordos gravados na miña memoria era ir pisando por onde pisaban meus dous irmaos maiores para que a neve non me entrase por dentro das katiuskas.



II. A rebelión

A brincar a indios e vaqueiros co meu irmao Álvaro.

–Marta, tes que morrer! A ver, tes que morrer! (desesperación)

Se morres, douche 5 pesetas!!

–Por 5 pesetas, morre ti!!



(versos detrás do rastro das katiuskas de Marta)

Houbo a ventá dun cuarto que se abría
a un silencio vestido de folerpas
cando o inverno rabuñaba nas portas
e mandaba botar dous cobertores
cando a noite andaba polos tellados
cos pés atecidos de friaxe
e os lobos baixaban desde os contos
ata a cancela aberta do inconsciente
cando a nevarada era unha promesa
de sepultar horarios e deberes
ansia de vestir a roupa de abrigo
o anorak as luvas as bufandas
ansia de sentir o primeiro impacto
da brancura a nos cegar por exceso
a nos deixar mudos un segundo antes
de nos lanzar a rebolos unha e outra
vez sobre aquel manto que ía tomando
un zurcido de pasos azarosos
de brincos cambadelas e cansazos
baixo a luz dun ceo azul febreiro



ferinte como o fulgor do relampo
que volve transparente a escuridade
e a memoria un cristal de porcelana
agora que o noso calzado deportivo
xa non son botas de andar sete leguas
e custa atopar o rastro das pegadas
perdidas nas baldosas do abandono
de detrás da cancela onde inzan as silvas
e a ferruxe inmóbil do columpio
onde os tres aprendemos a voar
cando mirar atrás vén sendo o mesmo
que suxeitar entre os dedos un cable
de alta tensión que nos electrocuta
sen que ningún sinal nos advirta
do inútil que resulta a resistencia
contra a oxidación extrema das horas
contra o esplendor industrial da ruína
na casa a carón dos transformadores
onde a infancia foi un patio de Fenosa





Casas da Subestación de FENOSA, Alto de Vales, Lalín (2016)

Grazas, seguimos

Este caderno dixital
foi construído en Compostela
en outubro de 2017
Para a súa composición utilizáronse
programas e tipografías de código aberto

Deseño: luagris.net